Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 5 DE NOVEMBRO DE 2026 | JUEVES, 5 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 212

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BAÑA, A

II Concurso de Decoración das Aldeas da Baña 2026

Procedemento: II CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL DAS ALDEAS DA BAÑA 2026

Procedemento: Publicación Bases reguladoras II CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL DAS ALDEAS DA BAÑA 2026

Anuncio:

Por resolución de Alcaldía Expte: 2026/G003/000857 de data 30-10-2026 aprobáronse as bases do expediente do II Concurso de decoración de Nadal das aldeas do Concello 2026 da Baña.

A inscrición será gratuíta e formalizarase a partir do día hábil seguinte ao da publicación das presentes bases no BOP.

Expte. TEDEC:2026/X999/000038

Expte. TEDEC: 2026/G003/000857

BASES REGULADORAS DO "II CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL DAS ALDEAS DA BAÑA 2026"

O Nadal é unha festa con grande tradición no Concello da Baña e nela participa toda a veciñanza. Co obxectivo de celebrar estas festas tan significativas, fomentar a participación cidadá e embelecer o noso municipio durante a tempada do Nadal, o Concello da Baña, desde a Concellería de Turismo, Deporte e Relacións Institucionais, convoca o «**II Concurso de Decoración do Nadal do Concello das Aldeas da Baña 2026**», que se rexe polas seguintes bases, que se publicarán na páxina web municipal, nas redes sociais oficiais do Concello (Facebook e Instagram) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

1. OBXETO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de premios do «**II Concurso de Decoración do Nadal das Aldeas da Baña 2026**», orientado a fomentar o espírito comunitario, a cooperación veciñal, a creatividade colectiva, o embelecemento dos espazos públicos exteriores e a posta en valor do patrimonio rural do municipio durante as festas de Nadal.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN (TRABALLO CONXUNTO)

Poderán participar todas as aldea/parroquia ou lugar do termo municipal da Baña organizadas de xeito informal sen necesidade de personalidade xurídica.

Requisito Indispensable de Colectividade: Co fin de promover a cooperación e a convivencia veciñal, non se admitirá a participación a título individual. Cada proposta decorativa deberá ser elaborada conxuntamente por un mínimo de 2 persoas residentes na mesma aldea/parroquia ou lugar

Cada candidatura conxunta designará unha persoa representante, maior de idade e con plena capacidade de obrar, que actuará como interlocutora co Concello.

A decoración deberá instalarse nun espazo público ou elemento privado exterior claramente visible desde a vía pública, garantindo en todo momento a seguridade viaria e o tránsito peonil.

3. INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

A inscrición será gratuíta e **formalizarase a partir do día hábil seguinte ao da publicación das presentes bases no BOP**, mediante a presentación da seguinte documentación. A falta de calquera dos dous documentos implicará que a candidatura non sexa admitida.

- → **Anexo I** (Ficha de inscrición e declaración responsable conxunta) debidamente cuberto e asinado pola persoa representante, facendo constar obrigatoriamente os datos identificativos das persoas veciñas participantes (**Mínimo 2: Representante e Co-representante**).
- → **Vídeo e fotografías:** Achega dun vídeo (preferiblemente gravado de xeito horizontal) **de aproximadamente 2 minutos** no que se mostre a decoración do Nadal da aldea/parroquia ou lugar.

Número de anuncio 2026/7123

Requisitos do vídeo e da inscrición:

▶ **Duración:** O vídeo deberá ter unha duración aproximada de 2 minutos (preferiblemente gravado de xeito horizontal) .

▶ **Contido:** Debe amosar con claridade a totalidade da decoración instalada. No caso da instalación de decoración en vivendas particulares, debe quedar claro no vídeo que coma mínimo son 2 vivendas as que participan.

▶ **Autenticidade:** O vídeo debe corresponder á /parroquia ou lugar inscrita e ser gravado especificamente para o concurso "II Concurso de Decoración do Nadal do Concello da Baña 2026"

▶ Ten que verse en algunha parte do vídeo **"Nadal na Baña 2026."**

▶ Envío. Deberá remitirse por WhatsApp ao número **620 980 631 ata o 18/12/2026 as 00:00 horas.**

▶ **Requisito de participación:** é **obrigatorio** entregar o Anexo I cuberto e enviar o vídeo na data sinalada no punto anterior. **:** a falta de calquera dos dous implicará que a candidatura non sexa admitida

▶ **Presentación do Anexo I:** poderá realizarse presencialmente no Concello da baña ou pola sede electrónica do Concello da Baña.

4. TEMPORALIZACIÓN E OBRIGAS DE EXPOSICIÓN

As decoracións deberán permanecer totalmente montadas e iluminadas como data límite desde o 19/12/2026 ata, como mínimo, o 10/01/2027, ambos os días incluídos. O incumprimento deste período poderá supoñer a exclusión do concurso, salvo causa xustificada.

Para proxectos colectivos, a decoración deberá ser visitable polo público de forma libre e de balde.

Calquera dano ou avaría será responsabilidade da aldea/parroquia ou lugar participante.

É obrigatorio incorporar nun lugar visible da composición a oratoria ou cartel co lema: "Nadal na Baña 2026".

5. COMPOSTA/SISTEMA DE VALORACIÓN MIXTO

A organización do concurso corresponde ao Concello da Baña, que poderá resolver calquera incidencia non prevista nas bases.

Para calquera consulta: corrreo@concellodabana.gal ou teléfono **981 886 501**

Para garantir un procedemento transparente, imparcial e obxectivo, a selección das candidaturas gañadoras realizarase mediante a combinación de dous sistemas de avaliación:

1. **Votación Popular Dixital (50% da puntuación):**** A elección da aldea/parroquia ou lugar participante realizarase mediante votación pública nas redes socias (Facebook e Instagram) oficiais do concello da baña.
2. **Avaliación do Xurado Técnico (50% da puntuación):**** Un xurado imparcial nomeado pola Alcaldía formado por representantes de asociacións veciñais.

A composición do xurado será publicada na Sede Electrónica do Concello da Baña, na propia Web do Concello e nas redes socias para maior difusión e transparencia.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA VOTACIÓN POPULAR DIXITAL

Na puntuación dixital **sumaranse as interaccións das dúas redes sociais oficiais do Concello da Baña (Facebook e Instagram)**. A **data límite** para o reconto de «gústame», compartición, etc., será o **venres 01/01/2027 ás 15:00 horas**.

Reparto de puntuacións:

▶ **50 puntos:** o vídeo que obteña o maior número de interaccións (Like), sumando as interaccións das dúas redes sociais oficiais do Concello da Baña (Facebook e Instagram).

▶ **30 puntos:** o segundo vídeo que obteña o maior número de interaccións (Like), sumando as interaccións das dúas redes sociais oficiais do Concello da Baña (Facebook e Instagram).

▶ **15 puntos:** o terceiro vídeo que obteña o maior número de interaccións (Like), sumando as interaccións das dúas redes sociais oficiais do Concello da Baña (Facebook e Instagram).

O Concello aplicará filtros de seguridade para invalidar votos automatizados ou sospeitosos de fraude e poderá excluír candidaturas que empreguen métodos fraudulentos, votos artificiais, duplicación de interaccións ou calquera práctica que comprometa a transparencia.

Así mesmo, resérvase o dereito de eliminar calquera interacción sospeitosa para garantir a equidade do proceso, así coma calquera interacción que non utilice as emoticonas 

Número de anuncio 2026/7123

CRITERIOS DE VALORACIÓN DO XURADO TÉCNICO

O Xurado Técnico avaliará as candidaturas atendendo aos seguintes criterios obxectivos:

Criterio de Valoración	Puntuación Máxima
Creatividade, orixinalidade e deseño artístico da proposta conxunta	15 Puntos
Grao de participación veciñal, traballo en equipo e esforzo comunitario (mínimo 2 veciños/as)	15 Puntos
Uso de materiais reciclados, sostibles e naturais do contorno	10 Puntos
Impacto visual, iluminación e harmonía no espazo público	10 Puntos

En caso de empate o Concello da baña poderá abrir un novo período de votación ou aplicar outro criterio obxectivo, que será comunicado publicamente.

7. PREMIOS E ENTREGA

Establécense os seguintes premios financiados con cargo ao orzamento municipal:

- → **Primeiro Premio: Lote de produtos decorativos de Nadal valorado en 300,00 €.**
- → **Segundo Premio: Lote de produtos decorativos de Nadal valorado en 200,00 €.**
- → **Terceiro Premio: Lote de produtos decorativos de Nadal valorado en 100,00 €.**

A entrega formal dos premios terá lugar durante a tradicional Cabalgata de Reis organizada polo Concello da Baña.

8. DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A participación no concurso implica que a participante cede ao Concello:

- → Os dereitos de reprodución, comunicación pública e difusión do vídeo enviado.
- → O uso das imaxes e gravacións da decoración para fins divulgativos, culturais ou promocionais do propio Concello.

En ningún caso esta cesión implica perder a autoría orixinal, pero sí a aceptación do seguinte:

"Dereitos de propiedade intelectual e protección de datos persoais

1. Propiedade intelectual sobre o vídeo

A persoa aldea/parroquia ou lugar participante declara ser autora do vídeo ou ter os dereitos necesarios para o seu uso a través do seu representante.

Cédense ao Concello, de forma non exclusiva, gratuíta e por tempo indefinido, os dereitos de:

- Reprodución, distribución e comunicación pública.

- Difusión en redes socias (Facebook e Instagram) e materiais promocionais.

- Axustes técnicos mínimos (duración, formato, son, grafismos).

A autoría moral permanece en todo caso na persoa participante.

2. Dereitos de imaxe

A garante contar coa autorización das persoas que aparezan no vídeo. O Concello poderá requirir xustificación documental.

3. Datos persoais

Os datos serán tratados polo Concello da Baña para:

- → Xestionar o concurso.
- → Comunicar incidencias.
- → Publicar os vídeos participantes.
- → O tratamento axustarase ao RXPD e á Lei Orgánica 3/2018.
- → Os dereitos ARSOPL poderán exercerse no Rexistro Municipal ou en: delegado protección de datos dpd@concellodabana.gal.

Número de anuncio 2026/7123

9. RESPONSABILIDADE

O Concello non se responsabiliza das reclamacións derivadas do contido dos vídeos. O incumprimento das bases poderá supoñer exclusión inmediata."

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación implica a aceptación completa destas bases e das decisións do Concello

Número de anuncio 2026/7123

ANEXO I - FICHA DE INSCRICIÓN CONXUNTA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

1 . DATOS DA E DA PERSOA REPRESENTANTE		
Nome da /Lugar:		
Persoa Representante:		(DNI:
Teléfono / Correo electrónico:		
Enderezo para notificacións:		

2. RELACIÓN NOMINAL DE PERSOAS VECIÑAS PARTICIPANTES (MÍNIMO 2 OBRIGATORIO)

De acordo coa Base 2, a participación é conxunta e comunitaria. Indíquense as persoas veciñas/residentes que participan na elaboración:

Rol	Nome e Apelidos	DNI / NIF	Sinatura
Persoa 1 (Representante)			
Persoa 2 (Co-participante)			
Persoa 3 (Opcional)			

3. DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS

A persoa representante e as persoas co-participantes declaran baixo a súa responsabilidade:

1. Aceptar integramente as Bases do II Concurso de Decoración de Nadal das aldeas da Baña 2026.
2. Acreditar que a proposta foi executada conxuntamente polas persoas veciñas relacionadas no apartado 2 (mínimo 2 participantes).
3. Autorizar a difusión das imaxes e do vídeo da decoración nas canles institucionais municipais.
4. Dispoñer das autorizacións pertinentes no caso de menores ou uso de propiedade privada visible.

Na Baña a de 2026

Asinado,

Nome e Apelidos

Na Baña, a 30 de outubro 2026

O Alcalde Jose Antonio Pereira GiL

2026/7123

Número de anuncio 2026/7123